

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL

EVENTOS, NOTICIAS E RECOMENDACIÓNS CULTURAIS DE LUGO

XUÑO 2020

PROGRAMA DO 11/06 AO 17/06

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



AXENDA



MURALLEANDO SEN PARAR

Debido ás previsións de chuvia para esta fin de semana, a programación é:

VENRES 12 (Adiados ao sábado por mor das previsións meteorolóxicas).

SÁBADO 13

Das 13:00 h. ás 14:30 h.

- **MUSTÉLIDOS** - Bispo Aguirre. Ronda Muralla
- **OS PICURRUCHOS** - Porta da Estación, fondo rúa Teatro

Das 20:30 h. ás 22:00 h.

- **QUEEN PRO QUO** - Porta de San Fernando
- **A VOLTA DO AGRO** - A Mosqueira
- **CASADEFONTES JAZZ COMBO** - Porta Miñá

DOMINGO 14

Das 20:30 h. ás 22:00 h.

- **CRC** - Bispo Aguirre. Ronda Muralla
- **FRUIT JUZZ** - Rúa Nova. Ronda Muralla
- **SKINTIGHT** - Porta da Estación, fondo rúa Teatro

Posibles actualizacións nas nosas redes no transcurso dos días e da previsión meteorolóxica.

CLUB CLAVICÉBALO

XOVES 11 - 22:00 h.

Teatro improvisado | 5 €

VENRES 12 - 21:00 e 23:00 h.

En concerto: Foolmakers | 6 €

SÁBADO 13 - 21:00 e 23:00 h.

En concerto: Mr. Hathaway | 6 € anticipada e 7 € taquilla

OUTROS

VENRES 12 - 16:00 h. | Parque Rosalía

Saída do "Paseo guiado polo #LugoFavorito" con Guido Guía.
Inscripcións: no correo guidoguiaturismo@gmail.com

DOMINGO 14 - 16:00 h. | Parque Rosalía

Saída do "XIX Paseo guiado polo Lugo menos coñecido #OLugoDosSentidos" con Guido Guía. Inscripcións: no correo guidoguiaturismo@gmail.com

EN INTERNET

• Nova canción de **Iria Estévez/Luis Monsalve**: "Oro Santo"
https://youtu.be/t9taXuVW_nA

• Nova web oficial do proxecto artístico "**Lugo Apocalíptico**"
<https://lugoapocaliptico.com>

• Trailer da obra de teatro "Poeta en Nova York" de Federico García Lorca pola compañía lucense **Teatro Baixo da Area**
https://youtu.be/FaOpB1DbN_s

• "La derrota" de **Los Gansos** - videoclip con fotos de un dos grandes grupos de Lugo <https://youtu.be/bvFtTBHBLjw>

MEDIOS DE COMUNICACIÓN. NOTICIAS CULTURAIS DE LUGO.

Recompilan propostas para organizar un San Froilán pos-Covid:

<http://www.crtvg.es/informativos/recopilan-propostas-para-organizar-un-san-froilan-pos-covid-4433778>

Castelao terá unha escultura na Rúa da Raiña:

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/lugo/2020/06/10/castelao-tera-unha-escultura-na-rua-da-raina/00031591784337421487174.htm>

A Domus do Mitreo reabre as súas portas tras miles de visitas virtuais:

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/lugo/2020/06/09/domus-do-mitreo-reabre-hoxe-as-suas-portas-tras-miles-visitas-virtuais/0003_202006L9C6991.htm

Exaltada "a creatividade" na entrega dos premios de Historias detrás das Ventás:

<https://www.elprogreso.es/articulo/cultura/exaltada-creatividade-entrega-premios-historia-de-tras-das-ventas/202006101148181443205.html>

Rocío Leira gaña o Certame de Narración Curta "Ánxel Fole":

<https://vivalugo.es/libros/rocio-leira-gana-o-certame-de-narracion-curta-anel-fole/>

«Mulleres de mar», microrrelatos audiovisuais sobre coidar os océanos:

<https://vivalugo.es/cine/mulleres-de-mar-microrrelatos-audiovisuais-sobre-coidar-os-oceanos/>

San Froilán 2020 – Os grupos de Lugo serán os protagonistas:

<https://vivalugo.es/musica/san-froilan-2020-os-grupos-de-lugo-seran-os-protagonistas/>

A área de Cultura da Deputación de Lugo co teatro lucense:

<https://vivalugo.es/artes-esenicas/a-area-de-cultura-da-deputacion-de-lugo-co-teatro-lucense/>

A Deputación propón ao cineasta Óliver Laxe ás Medallas Castelao:

<https://www.xornaldelugo.com/a-deputacion-propon-ao-cineasta-oliver-laxe-as-medallas-castelao/>

A Xunta impulsa unha nova edición do Certame de Investigación Condado de Pallares:

<https://www.xornaldelugo.com/a-xunta-impulsa-unha-nova-edicion-do-certame-de-investigacion-condado-de-pallares/>

O lucense Primo de Banksy, de preto: "Os muros son o gran libro aberto dunha sociedade":

<http://lugojournal.gal/cultura/24415-o-lucense-primo-de-banksy-de-preto-os-muros-son-o-gran-libro-aberto-dunha-sociedade/>

Unha volta á infancia para recuperar os xogos tradicionais dos Ancares:

<http://lugojournal.gal/ancares/navia-de-suar-na/24350-unha-volta-a-infancia-para-recuperar-os-xogos-tradicionais-dos-ancares/>

XXII CERTAME DE NARRACIÓN CURTA "ÁNHEL FOLE"

GAÑADORA



"AFOGADA"
ROCÍO LEIRA



Maite Ferreiro anunciou o premio do XXII Certame de Narración Curta "Ánxel Fole"

Afogada, de Rocío Leira, resultou a gañadora desta edición, que recibirá un premio de 4.000€ e a publicación da obra por parte de Xerais

A área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua deu a coñecer o fallo do xurado da XXII edición do Certame de Narración Curta "Ánxel Fole". A edil de Cultura, Maite Ferreiro, informou que "debido á situación sanitaria, a xuntanza do xurado tivo que pospoñerse e realizarse de maneira telemática".

Maite Ferreiro destacou este certame como "unha cita importante tanto para as nosas escritoras como para a lingua galega". **A obra Afogada, da ceense Rocío Leira, foi a escollida polo xurado nesta edición.**

O xurado estivo formado por Ánxela Gracián, tradutora, escritora e editora, Manuel Bragado Rodríguez, ensaísta, crítico e editor como representante de Edicións Xerais de Galiza e Xosé Antonio Neira Cruz, escritor, xestor cultural, tradutor, editor, guionista e xornalista, gañador da pasada edición deste certame. As tres integrantes do xurado destacaron "a *calidade das voces narrativas presentadas, e a orixinalidade e dificultade da estrutura proposta pola autora*".

Edicións Xerais XERAIS de Galiza publicará a novela, da que destacan "a súa excelencia como novela de intriga, tanto pola súa estrutura formal, dende a utilización da multiperspectiva, a diversidade de tipoloxía textual e a polifonía de voces narradoras, así como a riqueza temática que expresa". Rocío Leira recibirá tamén un premio de 4.000€.

A área de Cultura continúa a traballar na campaña Lugo Km 100 presentada en Fitur

“Unha aposta seria para fomentar o turismo e poñer en valor a cidade e os diferentes camiños a Santiago que a atravesan”



A Concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, informou de que se segue a traballar na campaña Lugo Km 100, que pretende ser “unha aposta seria para fomentar o turismo e poñer en valor a cidade e os diferentes camiños a Santiago que a atravesan”.

“Son catro os camiños de Santiago que atravesan Lugo, e ademais, na cidade contamos con tres patrimonios da humanidade: a Catedral, a Muralla e o Camiño Primitivo”, lembrou Maite Ferreiro, que engadiu “isto fai de Lugo un atractivo turístico de primeira orde dentro do denominado turismo de interior co que moi poucas cidades poden competir”. A edil de Cultura afirmou que “dada a situación sanitaria, estamos traballando no turismo sostible e de proximidade, mais queremos reforzar a imaxe de Lugo de cara ao futuro”

Maite Ferreiro informou de que a axencia de ferrocarril italiana, Ferrovie dello Stato Italiane S.p.A. presentou un recurso ante o rexistro da marca, defendendo que se pode crear confusións cunha das súas marcas comerciais denominada NUGO. A edil de Cultura afirmou que “desde a área de Cultura, en colaboración cos servizos xurídicos continuaremos co trámite de Lugo Km 100, entendendo que non poden xerarse situacións que leven á confusión de ambas marcas”.

“A denominación Lugo fai referencia a unha ubicación xeográfica”, afirmou a edil de Cultura, que engadiu “entendemos que a área de Cultura do Concello de Lugo ten dereito a utilizar o nome do propio concello nas súas campañas”. Ao respecto disto, Maite Ferreiro lembrou que “o Concello de Lugo ten rexistrado marcas en multitude de ocasións sen existir nunca risco de confusión”.



A área de Cultura reabre a

BIBLIOTECA MUNICIPAL ISIDRO NOVO

Maite Ferreiro: "segundo as indicacións das autoridades sanitarias, só se ofertará servizo de préstamo e devolución mediante cita previa"

Os libros devoltos permanecerán en corentena durante 14 días

#activandolugo



DIRECCIÓN

Avda da Coruña s/n - Parque da Milagrosa
27003 - Lugo

CONTACTO

bibliotecamunicipal@concellodelugo.org
982 297 415



A área de Cultura reabre a Biblioteca Municipal de Lugo

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, informou de que a biblioteca municipal Isidro Novo volve abrir unha vez foi permitido polas autoridades sanitarias. Segundo informou Maite Ferreiro, "nesta primeira apertura, só se permitirá o préstamo e devolución de libros pedindo cita previa".

"Só se permitirá circular por espazos delimitados, mantendo a distancia de seguridade e pedindo á veciñanza que cumpra coas medidas de seguridade recomendadas polas autoridades sanitarias", informou Maite Ferreiro, que engadiu "o edificio cumpre coas condicións de limpeza e desinfección axeitadas e as obras devoltas cumpren un período de corentena de 14 días".

A edil de Cultura lembrou que se pode consultar o catálogo da biblioteca no portal biblioteca.lugo.gal. A biblioteca abrirá 11 a 14 horas e de 17 a 20, mais para acudir será precisa cita previa, que se poderá solicitar no teléfono 982 277 414 ou no correo electrónico prestamos@lugo.gal. Maite Ferreiro declarou que os préstamos vencidos durante o estado de alarma ampliaranse até o 12 de xuño.

Lugo terá un Auto-Cine no aparcadoiro do Pazo Universitario de Deportes



AUTO-CINE!



COMUNICADO: "Lugo terá un Auto-Cine o vindeiro mes" anunciou Maite Ferreiro concelleira de cultura. A programación cultural completárase con actuacións musicais na ronda da Muralla e teatro en prazas aforadas da cidade

Lugo, 23 de maio de 2020. A edil de cultura do concello avanzou o que será a programación cultural prevista para o comezo do verán na cidade de Lugo. Maite Ferreiro sinalou "adaptamos as propostas a realidade que estamos a vivir, pensando sobre todo nas medidas de prevención que se deben manter xa que a saúde ten que ser o primeiro" e engadiu "queremos que a cultura volva a rúa e pensamos sobre todo en dúas cuestións: ter animación na cidade e manter a actividade dos grupos e artistas locais".

Auto-Cine. En colaboración coa Área de Cultura da Deputación Vicepresidencia. Deputación de Lugo. Lugar: aparcadoiro do Pazo Universitario de Deportes. Para poder acceder haberá que solicitar a correspondente invitación (cando se anuncie o programa informarase de cómo retirar a invitación)

Muralleando Sen Parar. A ronda da Muralla será escenario de varios concertos simultáneos de grupos e artistas locais. "A xente non deberá pararse a ver os concertos, a idea é disfrutar da música mentres camiñamos" indicou Maite Ferreiro.

Artes escénicas en espazos abertos. "Imos aproveitar as prazas da cidade que nos permitan controlar o aforo de asistencia e cumprir coa normativa" dixo Maite Ferreiro.




CONCELLO DE LUGO
CONCELLERÍA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

#activandolugo

LUGO.GAL

010@CONCELLODELUGO.ORG



Os centros culturais municipais están a compartir numerosas actividades didácticas e de ocio cultural nas súas contas das redes. Séguelos seus perfís:

MIHL:

www.facebook.com/museomihl
www.instagram.com/Mihl_museo

O Vello Cárcere:

www.facebook.com/OVelloCarcere
www.instagram.com/ovellocarcere

Museos municipais:

www.instagram.com/museos_turismodelugo
www.facebook.com/TurismodeLugo



Certame Microrrelatos Mihl

PREMIOS 2020

1. "LEMBRANZA" (Marga Ramos)
2. "AS QUE NON ARDEN" (Xía Olijas)
3. "CORRESPONDENCIA" (Dewisa Solleiro)

"LEMBRANZA"

Sentada á sombra dun carballo
rexo, mentres carrexan o
cadaleito da mai ao
camposanto. A nena vestida de
loito xoga cunha laranxa.
A laranxa, aquel xoguete que
xamais esquecerá.

Marga Ramos

"AS QUE NON ARDEN"

Tan...

- Cando a sexta badalada deixe de soar, colgarana.

Tan...

- Por qué?
- Porque o lume non predeu.

Tan...

Tan...

- Por qué?
- Por bruxa.

Tan...

Tan...

- Pero... mamá é meiga.

...

Tan...

Xía Olijas

"CORRESPONDENCIA"

Entón os Corintios colleron a
San Pablo e dixéronlle:
"Rapaz! Afrouxa un pouco coas
cartas! Recibímolas todas, xa
che contestaremos...!".

Dewisa Solleiro

EN BUSCA DO TESOURO

¡Encontra a nosa peza!

DENDE Ó 8/06/20 ATA 22/06/20

EN BUSCA DEL TESORO

¡Encuentra nuestra pieza!

DESDE EL 8/06/20 HASTA 22/06/20

https://www.instagram.com/museos_turismodelugo

ARDE LVCVS

Concurso de decoración e embelecemento de Balcóns, ventás e Fachadas

Inscripción gratuita ata o 12 de xuño en
xuventude@lugo.gal

Exhibición da decoración: do 18 ao
28 de xuño.

PREMIOS*:

• PARA VIVENDAS:

- 1º premio: 1000 €
- 2º premio: 500 €
- 3º premio: 300 €

• PARA COMUNIDADES DE VECIÑOS/AS:

- Único premio de 600 €

*O importe quedará suxeito ás retencións fiscais
que marque a Lei.

+ Info e bases en:

www.concellodelugo.gal e
www.ardelucus.com



962 297 300
(desde Lugo de Lugo)

DIX
Lugar de referencia social

to com@ardelucus.lugo
@ardelucus
instagram.com/ardelucus
user/ardelucus.lugo

Concello de Lugo
Área de Cohesión Social,
Concellería de Muller,
Igualdade e Xuventude
www.concellodelugo.gal

Arde ·Lvcvs MMXX



Concello de Lugo

#CONCURSOVOLVEREMOS ← CARACTERIZACIÓN ARDE LVCVS →

PREMIOS

De 14 a 17 anos

(experiencia de aventura)

- > Xuvenil caracterización romana
- > Xuvenil caracterización castrexa

+18 anos (estancia fin de
semana para 2 persoas)

- > Adulto caracterización romana
- > Adulto caracterización castrexa

COMO PARTICIPAR?

Sube a túa fotografía caracterizado a Facebook co cancelo #concursovolveremos e indicando a categoría na que participas.

PRAZO

Ata o 28 de xuño!



Información cultural elaborada o mércores 11/06. Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.

www.facebook.com/LugoTurismo

www.instagram.com/culturaturismolugo

www.twitter.com/LugoTurismo

Coa cultura en Lugo:



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da lingua